



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: APROL - APROBACIÓN BASES PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO, DUN/DUNHA TÉCNICO/A RESPONSABLE DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS NAS FAIXAS SECUNDARIAS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA NO MARCO DA ORDE DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DO 5 DE MARZO POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) E PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO DO ANO 2025 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TR351G). (DOG NÚM. 50, DO 13/3/2025).

EXPEDIENTE CONVOCATORIA: 2025/E001/000004

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/000443

É obxecto da presente convocatoria a regulación da contratación dun/dunha técnico/a responsable do servizo de prevención de incendios nas faixas secundarias ao abeiro da subvención concedida no marco da orde da consellería de emprego, comercio e emigración do 5 de marzo pola que se establecen as bases que regulan subvencións para o fomento do emprego no medio rural (aprol rural) e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR351G). (dog núm. 50, do 13/3/2025).

A modalidade de contrato é a regulada pola Disposición Adicional Novena do Texto Refundido da Lei de Emprego, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro, é dicir contrato de traballo temporal para a mellora da empregabilidade, coas cláusulas específicas de traballos de interese social e a xornada completa para desenvolver as funcións as que se refire a base anterior.

A duración do contrato será o tempo preciso para o desenvolvemento e execución das actuacións que se recollen na base primeira, que nunca poderá exceder de 9 meses. O horario de traballo será fixado de acordo coas necesidades do servizo en virtude de Decreto da Alcaldía.

Considerando que foron redactadas as correspondentes bases, establecéndose como forma de selección o concurso.

Vistos os informes emitidos pola intervención e secretaría municipal que constan no expediente.

Vistos, pois, os antecedentes expostos é polo que en uso das facultades que me confire o art. 217 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

ACORDO:

Primeiro: Declarar a contratación dun/dunha técnico/a responsable do servizo de planificación preventiva e valorización forestal, como unha necesidade inaprazable e urxente para o Concello de Camariñas, para dar cobertura á necesidade de cumprimento das obrigas municipais en materia de prevención de incendios.

Segundo: Aprobar as bases que rexerán a contratación laboral temporal, mediante concurso, dun/dunha técnico/a responsable do servizo de prevención de incendios nas faixas secundarias ao abeiro da subvención concedida no marco da orde da consellería de emprego, comercio e emigración do 5 de marzo pola que se establecen as bases que regulan subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e procede

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TR351G). (DOG NÚM. 50, DO 13/3/2025).

Terceiro: Aprobar como procedemento de selección excepcional o concurso tendo en conta as especiais características dos postos e a súa temporalidade, debendo o Tribunal valorar os méritos presentados. Respecto aos méritos computables, será de acordo ao establecido no artigo 14 da ORDE do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR351G).

Cuarto: Convocar as correspondentes probas selectivas.

Quinto: Que a convocatoria se faga pública mediante a inserción de anuncios no taboleiro de anuncios do Concello e a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose neste a data de publicación no taboleiro de anuncios do Concello).

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria acumulada, que asino aos únicos efectos de fe pública.